

## **Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia e a arquidiocese de Santiago de Compostela para contribuír ao financiamento dos gastos derivados da consulta e expedición de certificados acreditativos da ascendencia galega ao colectivo de persoas emigrantes galegas e a súa descendencia, ano 2026**

Á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración correspóndelle, entre outras, a competencia das relacións e o apoio as persoas e ás comunidades galegas do exterior así como o fomento e a promoción da súa actividade e funcionamento, tal e como se recolle no artigo 1.c) do Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

A súa vez, o artigo 49 do antedito decreto determina que a Secretaría Xeral da Emigración é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao que lle corresponden as competencias en materia de emigración e retorno e, entre outras, as relacións e o apoio ás persoas e ás comunidades galegas no exterior, así como o fomento e a promoción da súa actividade e funcionamento, as competencias recollidas na Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galegitude, e as atribuídas á comunidade autónoma na Lei 40/2006, do 14 de decembro, do estatuto da cidadanía española no exterior, en particular, as que melloren o benestar social e a calidade de vida da cidadanía galega no exterior.

A Secretaría Xeral da Emigración xestiona diversos programas tendentes a potenciar e fornecer os vínculos coa nosa cultura dos galegos e galegas residentes fóra de Galicia, que executa a través da estrutura das entidades galegas do exterior. Estas entidades galegas son asociacións nas que tradicionalmente se reúnen as persoas emigrantes e as súas familias para manter vivos os costumes que nos son propios e fornecer os lazos sociais e culturais. Arredor destas asociacións réunese un gran número de persoas galegas, que son as axentes principais a través das que Galicia fomenta a súa cultura.

Así, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ten previsto formalizar coa arquidiocese de Santiago de Compostela un convenio que ten por obxecto establecer o marco da colaboración entre as entidades asinantes para contribuír ao financiamento dos gastos derivados da consulta e expedición de certificados acreditativos da ascendencia galega ao colectivo de persoas emigrantes galegas e a súa descendencia co fin de que poidan acceder á nacionalidade española, así como de informatizar e indexar os datos rexistrados das persoas físicas contidos nos libros sacramentais dos fondos parroquiais concentrados no Arquivo Histórico Diocesano de Santiago de Compostela, dende 1850 ata o momento presente.

A emigración galega, iniciada no século XIX na procura, as máis das veces, de mellores condicións de vida, provocou que viva fóra de Galicia un maior número de galegos e



galegas ou descendentes que na propia terra. O transcorrer do tempo e as vicisitudes históricas que aconteceron nestes séculos tanto en España e Galicia como nos estados nos que estas persoas se asentaron, teñen forzado, nalgúns ocasións, a perda do contacto e da vinculación coa Galicia territorial e coas súas familias de orixe, malia que o espírito de pertenza e profundo agarimo á terra e á súa cultura teña permanecido como unha herdanza irrenunciábel que se transmitiu de xeración en xeración, moi especialmente nos países da rexión denominada Hispanoamérica.

Todo o antedito dá orixe a un permanente e grande número de persoas que manifestan o seu desexo de recuperar esa vinculación real, ben na procura de familiares ou lugares de orixe, ben na procura da propia nacionalidade española. Esta última circunstancia viuse enormemente impulsada pola publicación primeiro da chamada "lei da memoria histórica" (lei 52/2007, do 26 de decembro) e máis recentemente da Lei 20/2022, do 19 de outubro, de memoria democrática, que orixinaron que moitas dúcias de milleiros de descendentes de emigrantes se mobilizasen na procura da documentación que lles posibilitase acadar a nacionalidade española.

Os vieiros que utilizan as persoas demandantes de documentación de familiares ou lugares de orixe de antecesores/as son fundamentalmente os que a administración galega pon ao seu dispor a través da Secretaría Xeral da Emigración, directamente ou a través das fontes nas que se gardan os documentos de filiación: os arquivos diocesanos, os rexistros civís ou os concellos.

O Arquivo Histórico Diocesano de Santiago de Compostela vén realizando nos últimos anos accións de inventariado e depósito dos arquivos parroquiais espallados por toda a xeografía da diocese. Estes arquivos constitúen unha fonte esencial para estudos e investigacións de tipo xenealóxico, demográfico ou social e son de gran importancia para o mundo da emigración, pois constitúen unha ferramenta clave que axuda a moitas persoas descendentes da emigración galega a demostrar a súa ascendencia. Esta información é utilizada polos usuarios e usuarias da Oficina de Atención ao Emigrante que depende da arquidiocese de Santiago de Compostela.

Entre os fondos parroquiais atópanse os "libros sacramentais". Os párrocos anotaban nestes libros, que teñen o seu comezo no século XVI, a celebración dos diversos sacramentos administrados nas parroquias, como bautismos e matrimonios, así como as defuncións, facendo constar neles, ademais dos datos da persoa, o nome, data e lugar de nacemento, o nome e a orixe do pai e da nai e do avó e da avoa, así como o nome e enderezo do padriño e da madriña. Estes libros constitúen unha fonte de información xenealóxica, demográfica e social dun valor incalculable.



Para poder facilitar o acceso a este patrimonio documental faise precisa a súa indexación e difusión pola internet con respecto, en todo caso, á normativa de protección de datos, lexislación histórica documental e eclesiástica.

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, ao abeiro do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non é posible promover a concorrencia pública.

Neste convenio permítese a xustificación do pagamento mediante recibín do provedor para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000 euros, consonte ao disposto no artigo 42.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Isto obedece a que esta entidade ten que realizar certos gastos, como por exemplo, correos, material de oficina, desprazamentos, etc, que en atención ao seu pequeno importe resulta moi custoso para a entidade (non so polas comisións que aplican as entidades bancarias, senón tamén polos custos de tempo que requiren) realizar o seu pagamento mediante transferencia bancaria.

Para dar cumprimento ao obxecto deste convenio, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración achegará unha contía de 30.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 14.05.312C.481.0 (código proxecto 2015 00039) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026 na que existe crédito adecuado e suficiente.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a sinatura dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014; ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

Con atención no exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustifico o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O secretario xeral da Emigración

Antonio Rodríguez Miranda

SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN  
Praza de Mazarelos, 15  
15703 Santiago de Compostela  
T. +34 981 957 158  
emigracion@xunta.gal  
galiciaaberta.com

